

1^o CONCURSO DE IDEAS CREATIVAS E DE NEGOCIO

DIRIXIDO A:

4^o DA ESO
CICLOS MEDIO E SUPERIOR
BACHARELATO



Organiza: AULA DE EMPRENDEMENTO
Organiza: AULA DE EMPRENDEMENTO

INDICE

1.INTRODUCCIÓN	3
2.OBXETIVOS	3
3.LINEAS DO CONCURSO	3
Modalidade IDEA	3
Modalidade PROXECTO EMPRESARIAL	4
3.1 Modalidade IDEA	4
3.1.1 Dirixido a:	4
3.1.2 Contido das propostas	4
3.1.3 Premios:	4
3.1.4 Requisitos	4
3.1.5 Criterios de selección.	5
3.2 Modalidade PROXECTO EMPRESARIAL	5
3.2.1 Dirixido a:	5
3.2.2 Contido das propostas	5
3.2.3 Premios:	5
3.2.4 Requisitos	5
3.2.5 Criterios de selección.	6
4. PRAZO E LUGAR DA PREINSCRICIÓN E PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS	6
4.1 Preinscrición:	6
4.2 Presentación de propostas:	6
4.3 Comisión Avaliadora	7
4.4 Propiedade Intelectual	7
4.5 Resolución	7
5. FOLLA DE PREINSCRICIÓN	8

1.INTRODUCCIÓN

Nun contexto socioeconómico baseado no coñecemento, a creación dun tecido social creativo, xerador de novo coñecemento, é un valor engadido de vital importancia para o desenvolvemento persoal e das comunidades onde existe esa creatividade. Pode considerarse a creatividade como a habilidade humana para solucionar problemas de múltiples formas. Todos os seres humanos nacemos co potencial creativo xa que a creatividade non é privilexio só de músicos, pintores, escritores ou artistas, etc. Desenvolvela permite ás persoas razoar, cuestionar, atopar solucións novas fronte aos problemas cotiáns.

2.OBXETIVOS

- Estimular o pensamento creativo entre os/ as novos co fin de garantir unha sociedade diversa e xeradora de novos espazos de coñecemento, propios dunha comunidade dinámica e avanzada. A creatividade axuda a formar e educar aos/ as novos para que sexan pensadores/ as, e non só reflexo do pensamento doutros, e este concurso pretende fomentar un pensamento orixinal.
- Motivar a xeración de ideas innovadoras que camiñen cara a un futuro de oportunidades.
- Fomentar talento novo.
- Xerar un banco de ideas
- Fomentar a creación e desenvolvemento de novas actividades ou liñas
- Apoiar aos innovadores na transformación da idea en oportunidade de negocio, axudándolles a desenvolver o plan de negocio, axudándolles a desenvolver o plan de empresa.

3.LINEAS DO CONCURSO

Modalidade IDEA

O obxectivo desta modalidade é premiar as ideas innovadoras. As ideas participantes deben ser innovadoras, e deben poder levar a cabo, é dicir, que presenten unha vía de posible desenvolvemento como produtos ou servizos;.

Modalidade PROXECTO EMPRESARIAL

O obxectivo desta modalidade é premiar as mellores ideas de modelo de negocio

3.1 Modalidade IDEA

3.1.1 Dirixido a:

Alumnos/ as de Educación Secundaria Obrigatoria (4º ESO), Ciclos Medios, Superiores e Bacharelato

3.1.2 Contido das propostas

Estas propostas individuais, deberán propoñer un novo uso, utilidade ou aplicación de obxectos existentes na actualidade, ou expor novos produtos ou procesos con ou sen potencialidade de mercado.

Os participantes deberán enviar unha presentación coa súa idea (formato PPT, Prezi ou outros) iesapinguela@edu.xunta.gal

Non se aceptarán plans de empresa que estean en funcionamento

Hoxe en día, o deseño de produtos converteuse nunha ferramenta esencial á hora de impulsar a competitividade empresarial xa que mediante estas técnicas pódense lograr produtos máis eficientes, máis eficaces e mesmo máis bonitos, de maneira que poidan ter máis mercado.

O obxectivo é promover a creatividade máis que a posibilidade no mercado.

3.1.3 Premios:

1º clasificado: TABLET 2ª clasificado: CASCOS INALÁMBRICOS 3º clasificado: altofalante inalámbrico
--

Os premios outorgaranse seguindo os criterios do punto **3.1.5**.

3.1.4 Requisitos

As propostas deberán presentarse de forma individual.

Todos os traballos deben ser orixinais.

3.1.5 Criterios de selección.

Os criterios de selección que se valorarán por parte da Comisión Avaliadora son os seguintes:

- ❖ Grao de orixinalidade, creatividade, e innovación (40 puntos).
- ❖ Grao de desenvolvemento da idea plasmada na proposta. (15 puntos)
- ❖ Visibilidade do soporte presentado (15 puntos)
- ❖ Necesidade ou problema que resolve (10 puntos)
- ❖ Viabilidade da proposta (10 puntos)
- ❖ Calidade da presentación do traballo (10 puntos)

Todas as propostas presentadas serán expostas publicamente no IES a Pinguela no espazo habilitado a tal fin e nos soportes e medios que permitan ofrecer a maior difusión dos mesmos.

3.2 Modalidade PROXECTO EMPRESARIAL

3.2.1 Dirixido a:

Alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria (4º ESO), Ciclos medios, superiores e Bacharelato

3.2.2 Contido das propostas

Esta liña do concurso terá en conta ideas de negocio innovadoras que ofrezan un valor engadido ao tecido económico da nosa contorna. Ideas que se baseen na creatividade e o coñecemento e se adecuen ás demandas sociais e económicas de futuro.

Esta liña do concurso está dirixida a aquelas persoas que teñan un interese en crear unha empresa, pero que aínda non desenvolvesen o seu plan de negocio, ou ben o fixeran pero aínda non se dean as circunstancias para o seu lanzamento.

3.2.3 Premios:

1º clasificado: 150€ en cheques compra nos establecementos adheridos ao concurso
2º clasificado: 100 € en cheques compra nos establecementos adheridos ao concurso
3º clasificado: 50 € en cheques compra nos establecementos adheridos ao concurso

3.2.4 Requisitos

Todos os traballos deben ser orixinais.

Todas as propostas presentadas serán expostas publicamente no IES A Pinguela no espazo habilitado a tal fin e nos soportes e medios que permitan ofrecer a maior difusión dos mesmos.

3.2.5 Criterios de selección.

Os criterios de selección que se valorarán por parte da Comisión Avaliadora son os seguintes:

- ❖ Grao de orixinalidade, creatividade, e innovación (40 puntos).
- ❖ Grao de desenvolvemento da idea plasmada na proposta (25 puntos)
- ❖ Presentación da proposta e calidade da presentación (20 puntos)
- ❖ Viabilidade da proposta (15 puntos)

4. PRAZO E LUGAR DA PREINSCRICIÓN E PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS

O proceso de presentación de candidaturas teñen dúas fases: preinscrición e presentación.

4.1 Preinscrición:

A preinscrición realizarase antes do **15 de marzo de 2022**

4.2 Presentación de propostas:

A presentación destas propostas serán entregadas ao titor entre o día 1 de abril e o 29 de maio de 2022. En caso de necesitar corrección por presentación inadecuada, dispoñeráse dun período máximo de 5 días laborables adicionais para exercitala. Os proxectos poderán ser expostos en calquera dos espazos e medios cos que conta o IES A Pinguela como soporte de comunicación.

As propostas deberán ser presentadas con todos os datos necesarios que permitan o contacto cos/ as promotores/ as.

O IES A Pinguela non será responsable dos danos que as propostas presentadas poidan sufrir como consecuencia do seu traslado ou almacenamento a condición de que non houbese un negligencia por parte do centro.

4.3 Comisión Avaliadora

A Comisión Avaliadora estará formada por un membro do equipo directivo, un membro de cada un dos departamentos de Administrativo, Fol e Economía, e a coordinador da aula de Emprendemento que valorará as propostas de acordo aos criterios establecidos e a súa adecuación ás bases.

4.4 Propiedade Intelectual

Os proxectos (ou a propiedade intelectual dos mesmos) serán dos seus promotores/ as, non podendo a organización apropiarse dos mesmos.

4.5 Resolución

O fallo da Comisión Avaliadora comunicarase aos/ as participantes á vez que se publicará nos medios de comunicación do centro.

A Comisión Avaliadora poderá declarar deserto os premios total ou parcialmente no caso de que non exista número suficiente de proxectos ou estes non teñan a calidade desexada. Poderá tamén no seu caso outorgar unha mención honorífica aos traballos que, sen resultar premiados, destacasen pola súa calidade.

Os traballos poderán ser retirados polos/ as autores/ as no lugar de presentación a partir do día seguinte da publicación do fallo da Comisión Avaliadora e durante o mes seguinte, transcorrido o cal a organización non se fará responsable dos mesmos.

A Comisión Avaliadora terá a capacidade para interpretar e completar as bases deste concurso e as súas decisións serán definitivas e irrecurribles. O feito de concursar supón a total aceptación destas bases e os dereitos e obrigacións que delas derívanse.

5. FOLLA DE PREINSCRICIÓN

FICHA DO PROXECTO

DATOS DO ALUMNO/A

Nome e apelidos:

DNI- NIE:

Curso:

TITULO DO PROXECTO:

BREVE DESCRIPCION DO PROXECTO QUE ESPERA PRESENTAR:

Unha vez realizada a preinscrición, poñerémonos en contacto contigo para ofrecerche información, asesoramento ou calquera outra cousa que poidas necesitar.